

DECRETO NÚMERO 16009157 DO 25/11/2016

Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde-Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que con data do 09.07.08, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo nº 15/670 de aprobación das bases que rexerán a cobertura interina de prazas de funcionario do Concello de Lugo nos supostos previstos no artigo 10 do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOP nº 170 do 24 de xullo de 2008.

Ditas bases foron modificadas polo acordo nº 7/378 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 27.06.2012 e publicado no BOP nº 171 de 26 de xullo de 2012

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de abril de dous mil dezaseis, adoptou, entre outros, o acordo número 19/245 relativo ás BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTA, PARA A COBERTURA INTERINA DE PRAZAS DE FUNCIONARIO NA CATEGORÍA OFICIAL CONDUTOR/A MAQUINISTA.

Sendo o obxecto de ditas bases rexer a convocatoria do proceso selectivo para a elaboración dunha lista para a cobertura interina de prazas de funcionario/a na categoría de Oficial Conductor/a Maquinista dende a que se irá chamando os/as candidatos/as pola orde de puntuación obtida por cada un/unha deles, para o nomeamento interino dun funcionario/a dun/dunha Oficial Conductor/a Maquinista, por acumulación de tarefas, durante un período de 6 meses.

De igual xeito, unha vez modificada a Relación de Postos de Traballo deste Concello, a lista resultante deste proceso selectivo poderá ser empregada cando sexa necesario proceder á cobertura interina, nos demais supostos previstos no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de prazas funcionario/a na categoría de Oficial Conductor/a Maquinista.

Polo Decreto nº 16003600 do 10/05/2016 resolveuse convoca-lo proceso selectivo para a elaboración dunha lista, para a cobertura interina, de prazas funcionario/a na categoría de Oficial Conductor/a Maquinista, de acordo coas mencionadas bases.

Una vez rematado dito proceso selectivo e vista a proposta da Secretaria do Tribunal, de data 4 de novembro de 2016, publicada no Taboleiro de Anuncios desta Concello o 4 de novembro de 2016, do seguinte teor:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DA LISTAXE DE CANDIDATOS PARA A COBERTURA TEMPORAL DE PRAZAS DE OFICIAL CONDUTOR MAQUINISTA, ORDEADOS POLA ORDE DE PUNTUACIÓN:

ORDE	NOME E APELIDOS	DNI	TOTAL
1	ANIDO CRUZ DIEGO	33348924M	15,33

PERSOAL

MLP/egp

Refª: 16drListaOficialConductorMaquinista

Asunto: public.lista Oficial Conductor Maquinista

2	CASTRO QUINTIAN MARCOS	33341347H	14,50
3	PITA LUACES MARTIN	33556350V	13,67
4	LENCE PEREZ JESUS ANGEL	33311026B	12,90
5	LOPEZ VILA JOSE	33828073H	10,00

Contra a presente proposta, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local no prazo de un mes, a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a súa publicación no Taboleiro de Edictos do Concello de Lugo, de conformidade co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.”

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a lista para a cobertura interina, de prazas de funcionario/a na categoría de Oficial Conductor/a Maquinista, resultante do proceso selectivo convocado polo Decreto nº 16003600 do 10/05/2016, a cal, á vista da proposta da Secretaria do Tribunal, de data 4 de novembro de 2016, publicada no Taboleiro de Anuncios desta Concello o 4 de novembro de 2016, é a que a continuación se indica:

ORDE	NOME E APELIDOS	DNI	TOTAL
1	ANIDO CRUZ DIEGO	33348924M	15,33
2	CASTRO QUINTIAN MARCOS	33341347H	14,50
3	PITA LUACES MARTIN	33556350V	13,67
4	LENCE PEREZ JESUS ANGEL	33311026B	12,90
5	LOPEZ VILA JOSE	33828073H	10,00

Segundo.- Que se proceda á súa publicación na forma legalmente establecida, coa indicación de que a presente resolución pon fin á vía administrativa e que contra a mesma, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado desta orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición podrá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.